



RESOLUCIÓN

ASUNTO: NOMEAMENTO DE D. MANUEL PUEYO VARELA COMO ARQUITECTO, PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE CEE.

EXPEDIENTE DECRETO: 2019/G003/000284

ANTECEDENTES:

Considerando o proceso de selección levado a cabo conforme as Bases publicadas no BOP Nº 35 de 19.02.2019 e anuncio no BOE de 5.03.2019.

Características da praza:

Grupo	A
Subgrupo	A1
Escala	Administración Especial
Subescala	Técnica
Clase	Superior
Denominación	Arquitecto

Vista a proposta do Tribunal Cualificador segundo a cal:

“(…) Resultando que PUEYO VARELA MANUEL, acada a puntuación máxima e constando no expediente a acreditación de estar en posesión do CELGA 4, queda exento da realización da 3ª proba, como sinala a Base 8 do procedemento.

Conforme a Base 9 o Tribunal propón o nomeamento de PUEYO VARELA MANUEL, e que en virtude da Base 10 deberá achegar dentro do prazo de cinco días naturais contados a partir da publicación da presente proposta, os documentos seguintes:

1. Fotocopia compulsada do seu Documento Nacional de Identidade.
2. Copia autenticada ou fotocopia compulsada do título ou, no seu caso, diploma sobre a base do cal se procedeu á admisión, ou ben xustificante de ter cumprido todos os requisitos para a expedición deste. Se estes documentos estivesen expedidos despois da data de terminación do prazo de presentación de instancias, deberá xustificarse a data en que finalizaron os correspondentes estudos.
3. Certificado acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira. No suposto de persoas discapacitadas, observarase tamén o que establece o apartado d) da base segunda da presente convocatoria.
4. Declaración xurada de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo do Estado ás Comunidades Autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
5. Fotocopia da cartilla da Seguridade Social (no caso de estar dado de alta).”

Vista a documentación presentada polo interesado.

Visto o informe de fiscalización emitido pola Sra. Interventora que obra no expediente.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o artigo 136 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; e o artigo 7 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, **RESOLVO:**



PRIMEIRO.- Realizar o nomeamento de funcionario ARQUITECTO do Concello de Cee a favor de: D. MANUEL PUEYO VARELA, con DNI 36116849H.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución ao aspirante nomeado, comunicándolle que deberá tomar posesión no prazo de 20 días naturais a contar desde o día seguinte a aquel en que se lle notifique o nomeamento.

TERCEIRO.- Publicar o nomeamento no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello e no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión.

CUARTO. Comunicar ao Rexistro de Persoal, aos efectos oportunos.

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, mércores 12 de xuño de 2019

O alcalde, Ramón Vigo Sambade

A secretaria municipal, Rocío Hermida Cancela

Sinatura electrónica á marxe